



# Xornada das VOCACIONES NATIVAS

1 de Maio de 2005

Cando D. José Mario Ruiz, arcebispo de Portoviejo (Ecuador) fai un ano visitaba ó noso Bispo Don Luis, para lle pedir que seguirmos mantendo a axuda de sacerdotes a aquela diocese, daba algunhas razóns da urxencia desta axuda. Entre elas destacaba a necesidade de afianzar e coidar as vocacións nativas. Contaba: *"Cuando en mil novecientos noventa, me hice cargo de la Diócesis de Portoviejo, que contaba con más de un millón de habitantes, no tenía más que nueve sacerdotes nativos. Todo lo demás era ayuda externa. Hoy, pasados unos años y gracias a la ayuda de muchos, especialmente de Jaén, Ourense y de otras diócesis, pudimos abrir un Seminario que es fuente de gran esperanza. Mi Archidiócesis gracias a estas ayudas recibidas ha dejado su situación de dependencia y está desplegando con fuerza. Hoy contamos con 38 sacerdotes nativos y algo más de 60 seminaristas que son fuente de esperanza. Podemos mirar al futuro con optimismo sabiendo que en pocos años tendremos clero suficiente y, con la ayuda de Dios, podremos auxiliar a otras Iglesias. Pero hoy les necesitamos más que nunca"*.

É esta una realidade ben evidente nos países das chamadas "Igrexas Xóvenes". Mentres nos países de vella cristiandade coma o noso cada día temos menos vocacións, eles **iteñen vocacións!** e téñenas en abundancia. ¿Qué lles falta? Que medren, que se concreten, que fagan camiño, que se purifiquen... E eso depende, en boa medida de nós.

Sabemos ben que se pode ser misionero de moitas formas: aquí ou alá, predicando o evanxeo ou creando fraternidade, pero non hai dúbida de que unha forma privilexiada de axudar as Igrexas Xóvenes é facendo posible que teñan vocacións propias, ministros e vocacións consagradas saídos das súas entrañas. Xente preparada que faga posible soñar cun futuro máis cheo de Vida que se reparta a todos.

## ¡Ti puedes ser misionero! ¿Cómo?

- Rezando polas Vocacións Nativas.
- Axudando economicamente:
  - **Unha beca completa, 2000 €** (para seis anos de formación dun seminarista)
  - **Media beca, 1000 €**
  - **Un curso académico, 350 €**
  - Calquera cantidade económica (que se sumará a outras)

**¡É A NOSA HORA! É A HORA DA MISIÓN**

## Oración polas vocacións nativas

Señor, dono dos campos e dos obreiros chamados a traballar polo teu Reino.

Dámosche as gracias polas abundantes vocacións que fas xurdir nas Igrexas xóvenes.

Pedímosche que non fraquee ningunha vocación pola falta da oración e do sacrificio da túa Igrexa e que sexan axudadas pola xenerosidade dos fieis, para que ningunha se perda por falta de recursos.

Señor, ti que coñeces os corazóns dos mozos, aumenta neles a súa fe e a súa apertura de vida, para que se ti os chamas, saiban responder con xenerosidade á vida sacerdotal ou relixiosa neste día das «Vocacións Nativas».

Pedímoscho con humildade e confianza por medio de María, tua Nai e Nai da Igrexa. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. AMÉN.



## Pilar Quirós Llordén

Premio Aurelio Grande diste ano ó misionero de acá.

"Mans Unidas" é unha Organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento (ONG) católica, de voluntarios que desde o 1960 loita contra a pobreza, a fame, a malnutrición, a enfermidade, a falta de instrución, o subdesenvolvemento e as súas causas. Anque naceu coma campaña puntual "contra a fame", pronto adquiriu personalidade xurídica, canónica e civil propia.

Cunha entrega total á causa dos máis necesitados, Pilar Quirós leva de Delegada de Mans Unidas en Ourense 30 anos. Muller forte e decidida, alegre, con ilusión e chea de vida, cun carisma especial no trato ca xente, soubo darlle vida a esta ONG na nosa diocese. Pouco a pouco e con escasos medios, chegou a case tódolos recunchos. Escoitámola moitas veces dar as gracias ós sacerdotes pola súa colaboración e sempre di que Deus lles ten reservado un solar alá arriba con moi boas vistas... Sabe combinar a súa vida de familia con este traballo voluntario que logra implicar a todos os que a rodean.

En Ourense o dicir Mans Unidas é dicir Pilar Quirós.

Desde estas páxinas a Diocese quere darche as gracias polo teu traballo e entrega xenerosa nestes 30 anos.



## Blanca del Caño, misioneira “de pasos curtos”.

¿Quén é esta muller de aspecto menudo e cara sempre sorrinte? Blanca naceu hai setenta anos en Cartelle, e leva corenta e dous no Brasil. É unha muller valente e decidida. A Diocese quixo recoñecer o seu traballo facéndolle entrega do **Premio Aurelio Grande** dentro do Festival da Canción Misioneira. Ela recibíuno coma “un recoñecemento ó traballo

misioneiro que é unha tarefa na que non se busca nunca o interese persoal senón só a evanxelización: Misioneiro é o que ten como obxectivo o levar a Palabra de Deus a toda a xente, considerando a todas as persoas iguais, sen distinción de raza, relixión ou cultura”.

Blanca naceu no seo dunha familia profundamente cristiá, unha familia numerosa e xenerosa, pois cinco irmás son relixiosas: Celia e Amparo son Siervas de San Xosé, Julia e Elena, Escravas do Santísimo; e Blanca é Franciscana Misioneira de María.

### *¿Cal e a súa tarefa no Brasil?*

Primeiro quero dicir que me sinto feliz entre aquela xente, e feliz no meu traballo. Acompaño en Campo Limpo Paulista un grupo de dependentes tóxicos, e alcohólicos e as súas familias. Son persoas desintegradas, arruinadas, que o perderon todo e pouco a pouco témoslle que axudar a recuperar a súa dignidade, e a súa integración tanto na propia familia como na sociedade. Anque os meus pasos xa son mais curtos estou camiñando con esta xente que ten tanta necesidade de que lle falen de Xesús, principalmente os enfermos e os marxinados. En xeral a xente non ten paciencia para escoitar desaforos, queixas... ou simplemente pórese ó lado deles, sen presas. **Todo isto é o que eu podo facer: andar de casa en casa para descubrir necesidades e facer algo para remediar algún sufrimento.** Con todo esto **síntome feliz** porque a gloria de Deus resplandece cando as persoas se senten libres e felices.

Tamén teño que agradecer á miña Diocese que non nos esquezades. Non sabedes o que se agradece o recordo e o cariño cando un está tan lonxe. Agradezo grandemente as cartas e o interese de non perderme de vista. En todo podo palpar o amor que Deus ten por cada un dos seus fillos. Sempre puiden sentir o amor, a unión e sobre todo o desexo de que todos nos sintamos ben. Agradezo as palabras de ánimo que me enviades e sobre todo a

carta do Señor Bispo, que é unha gracia e don do ceo.

### *¿Cómo ves a nosa Igrexa ?*

A verdade e que **encontro unha Igrexa apagada**. Precisamos mirarnos máis á cara uns ós outros, escoitarnos, pararnos un “instantiño” e romper ese mutismo. **Falta moita relación humana**, e esto así non marcha ben. Hai que saír ós camiños ó encontro ca xente e cos seus problemas.

### *¿Que retos persoais tes neste momento?*

O meu reto persoal é non acomodarme e ser sempre moi sensible ás necesidades dos demais: soidade, sufrimento, dor, dependencias, falta de fe, infelicidade.

### *¿Qué pensas facer nun futuro inmediato?*

Vou quedar un tempinho en España, precisamente para estar coas miñas irmás, pois só nos vemos cada catro anos. Cando unha é nova estes pasan correndo pero agora catro anos é moito tempo.

*Gracias Blanca pola túa testemuña, pola túa entrega e por esa alegría que contaxias ó teu redor.*



*Blanca, visitando a un diminuído físico. Está ó seu lado nun camiñar de «pasos curtos». Sen grande pretensión, pero enchendo de humanidade canto fai.*

### **¿Quen son as Franciscanas Misioneras de María?**

Son un **Instituto Misionero** que naceu en **Ootacamund**, na India, o 6 de xaneiro do 1877 sendo a súa fundadora **María da Paixón** (nome de pila, Héléne Marie Philippine de Chappotin), que foi beatificada polo Papa Xoán Paulo II o 20 de outubro de 2002.

A 31 de decembro de 2003 eran **7.469 irmás**, espaxadas polo mundo.

«Somos relixiosas, orixinarias de moitos países, que vivimos en comunidades internacionais. Chamadas polo Espírito a atravesar as fronteiras da cultura, da lingua e das crenzas, estamos dispostas a ir onde se nos envíe para estender a Boa Nova do amor de Deus a todos. No espírito de Francisco de Asís, as Franciscanas Misioneras de María vivimos con sinxeleza, segundo o Evanxeo. Inspirándonos no SI incondicional de María a Deus, encontramos o noso valor para a misión na contemplación da Eucaristía».

**Para saber máis: [www.fmm.org](http://www.fmm.org)**